

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte e unha horas e dez minutos do día trece de febreiro de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, réunese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asisten dona Josefa Míguez Boquete, encargada do padrón municipal de habitantes, don Sergio Cao Mahía, informático auxiliar, dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, antes de entrar a tratar os asuntos incluídos na orde do día, o Sr. alcalde pide desculpas polo atraso co que comeza a sesión, e que é debido á longa duración das comisións informativas que tiveron lugar antes da sesión plenaria.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Sorteo para nomear os membros das mesas electorais nas vindeiras eleccións, segundo convocatoria efectuada por Real Decreto 33/2008, de 14 de xaneiro, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei orgánica 5/85, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, efectúese o sorteo público dos membros das mesas electorais e

suplentes de entre a totalidade de persoas censadas nas seccións e cos requisitos establecidos no parágrafo segundo do citado artigo. Unha vez realizado, cubríronse os impresos modelo C.7.3, nos que constan os nomes, apelidos, DNI e cargo na mesa, co fin de remitilos á Xunta Electoral de Zona.

A secretaria da corporación deu lectura á relación de persoas elixidas.

2º Proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes de modificación, por erro material, da achega provincial para a execución do proxecto de obra do campo de herba artificial da Barcala

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes de data 7 de febreiro de 2008, na que se fai constar que se detectou un erro material no cálculo do importe correspondente á achega provincial que figuraba no punto primeiro do acordo adoptado polo pleno da corporación na sesión extraordinaria de data 29 de xaneiro de 2008, respecto da proposta para participar na segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007, da Deputación Provincial da Coruña.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 13 de febreiro actual.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Modificar o punto primeiro do acordo adoptado no pleno do día 29 de xaneiro de 2008, relativo á participación do Concello de Cambre na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, que quedará redactado do seguinte teor literal:

“Primeiro: Participar na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

Denominación: Proxecto de obra de campo de herba artificial da Barcala.

Orzamento: 398.335,33 €

Achega municipal: 59.750,30 €

Achega provincial: 338.585,03 €”

3º Proposta de cualificación como ben patrimonial dun terreo cedido ao Concello de Cambre para a ampliación do CEIP do Graxal II

Á vista da proposta emitida pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data de hoxe, o Sr. presidente retira este punto da orde do día.

4º Proposta de solicitude de axudas do Fondo FEDER 2007-2013 para proxectos de desenvolvemento local e urbano

Vista a proposta de Alcaldía de data 7 de febreiro de 2008.

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor, quen explica que se trata de elevar á Comisión Europea, a través do Ministerio de Administracións Públicas, unha proposta para solicitar axudas FEDER no período 2007-2013 para determinadas actuacións previstas no concello que tratan de cohesionar, reforzar a participación cidadá e fomentar a sociedade da información e das novas tecnoloxías. Ao mesmo tempo queren mellorar a accesibilidade e a mobilidade e preservar o patrimonio cultural.

Continúa dicindo que desta proposta deuse traslado aos distintos grupos municipais o día 11 de decembro, cunha primeira aproximación de propostas concretas que estimaban podían ser de interese para desenvolver dentro deste proxecto. Transcorrido un tempo que estiman prudente, e tras os períodos necesarios para a contratación da asistencia técnica correspondente, non recibiron formalmente ningunha proposta a maiores das contidas no documento inicial, e entenderon que debía tratarse o tema dado que o prazo termina o día 15 de febreiro, despois da prórroga comunicada o día 17 de decembro de 2007 polo Ministerio de Administracións Públicas.

En canto ás actuacións concretas de que se trata, recóllese dentro do Programa de implementación de novas tecnoloxías e enerxías renovables, establecer unha rede wifi en todo o termo municipal, que garantice o acceso a Internet de todos os habitantes do municipio, así como a instalación dun sistema de enerxía solar na piscina municipal. Dentro do programa de rexeneración urbana trataríase de rexenerar o Campo da Feira, e un plan de actualización, de mellora, de humanización da zona do Graxal. Dentro do Programa de conservación do patrimonio atópase o establecemento dunha senda fluvial de transporte alternativo no río Mero que conecte as parroquias do Temple, Barcala, Cambre e Sigrás, e a

creación da chamada Casa das ideas, da que máis adiante explicará en que consistirá. Dentro do Programa de dinamización social estaría a creación dun parque multifuncional en Sigrás, equipamentos deportivos como a creación dunha pista de skate, e equipamentos sociais establecendo unha ludoteca e cofinanciando a Casa da Cultura. Todo isto debe ir acompañado necesariamente, por esixencias da Comisión Europea, dun Programa de xestión que deberá incluír un Plan de promoción e difusión, un Plan de xestión e un programa de valoración externa do proxecto.

O total do investimento previsto é de 4.329.000,00 euros, dos cales o FEDER achegaría o 70 %, é dicir, 3.030.300 euros, e o concello 1.298.700 euros.

Continúa dicindo o Sr. Varela Tejedor que están ante unha mera memoria, que dada a escaseza de tempo ten erros, sobre todo terminolóxicos e de apreciacións puntuais e concretas, pero que no fondo estase a recoller o que o equipo de goberno estima que se pode propoñer. Admiten que hai máis propostas alternativas e posibles, pero entenderon que estas son necesarias, sen prexuízo de que outras tamén o sexan. Hai outras moitas que eles tamén valoraron, pero que estimaron que poderían acollerse a outro tipo de subvencións, como pode ser o POS, ou outras procedentes da Deputación Provincial e da Comunidade Autónoma. Repite que non é unha postura absolutista nin radical.

A continuación, don Francisco Javier Varela Tejedor pasa a explicar unha das propostas que, polo que ten escoitado e lido na prensa, é unha das máis controvertidas, a denominada Casa das ideas. Trátase de atraer a Cambre unha serie de institucións, do propio concello ou de fóra, previo concurso público que se levaría a cabo cuns baremos establecidos polo pleno. Tratarían de analizar, estudar, propoñer solucións integradas e integrais que fomenten o desenvolvemento local e a cohesión territorial, non só no municipio senón tamén na área metropolitana. Non se trata de ceder nada a ninguén, senón de permitir o uso nas condicións que o propio pleno aprobe no seu momento, para que estas institucións teñan uns espazos de desenvolvemento. Algunhas delas xa se puxeron en contacto co concello interesadas neste tema, como por exemplo, o Instituto de Estudos do Territorio, dependente da Universidade de Santiago Compostela, o Instituto de Administración Local, dependente da Xunta de Galicia, o Instituto de Estudos Políticos e Sociais. Pero, repite, que isto estaría sempre subordinado á realización dun concurso público e á aprobación do pleno. O que se trata é de atraer a este municipio institucións que teñan ideas, que as expoñan, que sirvan de foro de debate, e que de aí se canalicen solucións adecuadas para o Concello de Cambre e para toda a área metropolitana.

Engade que o edificio non só estaría a disposición desas institucións, senón que estaría ao servizo de todo o municipio de Cambre, cunha sala de exposicións, un auditorio, e a rexeneración e apertura dos xardíns que rodean á casa.

Toma a palabra don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, quen di que lle gusta a memoria, que lle gusta o seu análise cando di que o crecemento poboacional non foi acompañado do coidado das áreas residenciais en canto a paisaxe urbano e infraestruturas de saneamento, que existen infraestruturas (vías, encoros) que supoñen unha barreira para a mobilidade intramunicipal, que a mobilidade tamén se viu limitada entre as distintas parroquias ao predominar as estradas cun ancho de calzada inferior a 4 metros, e que son necesarios máis espazos públicos para o espaxamento e lecer dos cidadáns. Gústalle que por fin recoñezan abertamente o que está pasando.

Continúa dicindo que tamén lle gusta que non coñezan os concellos que limitan con Cambre, que lle gusta que non saiban como se chama a casa da Arrigada, que nuns lugares se chama Arrigada e noutros Arraigada. Por outro lado, a creación da rede wifi parécelles moi necesaria e interesante, pero botan en falta un proxecto un pouco máis amplo, saber exactamente de que están a falar, sábese que hai un proxecto e un investimento, pero non concretamente en que vai consistir. O mesmo pasa co proxecto da enerxía solar na piscina.

En canto ao punto tres relativo á rexeneración urbana da praza do concello, o que se está é a falar do Campo da Feira, e parécelles ben este proxecto, pero preguntan se xa teñen autorización de Patrimonio, e como todo é moi superficial, gustaríalles saber, por exemplo, se vai haber un servizo público.

O seguinte punto referido á realización de actuacións conducentes á humanización da zona do Graxal non deixa de ser un contrasentido co tema que estiveron a falar hai un momento na comisión, respecto da firma dun convenio para que nunha zona verde se faga un edificio de sete alturas. Gústalles que se recoñeza que nas últimas décadas o proceso de urbanización descoidou o tratamento do contorno o que deu lugar a rúas en certa medida caóticas, carentes de beleza, que se convertiron en lugar de paso e que perderon a función de sociabilización que as caracterizaba no pasado. Gústalle que digan que queren reordenar o tráfico porque queren saber que están a facer exactamente na Costa da Tapia.

Segue a dicir que lle gusta que en varios sitios se faga referencia aos carritos dos bebés das mulleres. Fálase da estreiteza das beirarrúas, da dificultade para abrir as portas os coches. En definitiva, gústalle que recoñezan a situación real do Concello de Cambre.

Con respecto á senda peonil no río Mero, non entenden que se o Sr. alcalde está a ter conversas con Augas de Galicia e Medio Ambiente sobre estas actuacións, se vaia a traballar agora en dúas direccións, ou se é que non existen esas conversas.

Con respecto á Casa das ideas non sabe se será suficiente coas ideas que teñen os programas electorais de todos os partidos políticos. O PP ten un tríptico de promesas incumpridas que supón que tamén lles proporcionan bastantes ideas. Tamén está o asesor de comunicación contratado como persoal de confianza, que segundo o Sr. Varela Tejedor tiña como unha das súas funcións recoller as inxerencias dos veciños. Todo isto unido aos rogos, preguntas e mocións presentados nos plenos, e que na súa maioría non se levan a cabo, fai que ideas teñan moitas.

En resumo, o que propoñen é retirar o proxecto do río Mero xa que corresponde finalizar a obra a quen a comezou e, por outro lado, substituír a Casa das ideas polo Centro sociocultural do Graxal, que é un local que utilizan todos os veciños, as asociacións e os grupos políticos, e que a partir das dez da noite non se pode usar porque non está insonorizado. Consideran moito máis importante empregar o diñeiro no Centro sociocultural e non na Casa das ideas, porque ideas se non as teñen poden pedilas, porque as hai.

En canto ao parque multifuncional de Sigrás, en principio non terían moito que obxectar, xa que aínda que lles parece que 500.000 euros é unha cantidade importante para un parque, tampouco saben exactamente que tipo de parque van facer.

E polo que se refire á Casa da Cultura, agrádalles que tamén en Europa vaian saber que en Cambre habrá unha Casa da Cultura cunha biblioteca, sala de exposicións e salas de estudo. A conxugación de futuro todos a coñecen perfectamente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez conclúe a súa intervención dicindo que o grupo municipal do PP votará a prol da proposta se se exclúe o do río Mero, a Casa das ideas, e se inclúe a insonorización do Centro sociocultural do Graxal.

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor para contestar que volve recoñecer que na memoria existen erros de varios tipos, de terminoloxía e incluso de conceptos, debidos ao escaso tempo que se puido traballar no tema. Por outro lado quere dicir que non estamos a falar dun proxecto senón dunha memoria que a Comisión do Ministerio de Administracións Públicas valorará na súa globalidade, será a partir de aí que se elaborarán os proxectos pertinentes, os cales se discutirán polo pleno antes da súa aprobación, co cal as cuestións concretas que se deriven de cada actuación serán as que cada proxecto contemple.

Repíte que respecta todas as opcións e propostas que se fagan, e repíte unha vez máis que caberían moitas máis, pero estamos a día 13 e o día 15 termina o prazo de presentación, e non sabe se sería posible establecer un análise e valoración de novas propostas. Ten serias dúbidas.

Don Nicolás José Cubeiro quere lembrar que claro que hai moitísimas máis necesidades. En Cambre temos un Servizo de Protección Civil que está de prestado e por tanto probablemente sería moi importante dotarlle dunha sede propia en lugar dalgunhas das cousas que aquí se presentan.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que non sabe se esa actuación cabería dentro deste programa, habería que estudalo, pero en todo caso, repíte e quere reiterar, que dende o 11 de decembro puideron recibir todas estas achegas e moitas máis que seguramente se van facer aquí. Iso poderían telo feito con máis tempo e telo podido estudar, sequera coa mínima estrutura do que hoxe temos estudado isto.

Don Nicolás José Cubeiro di que non deixa de ser curioso que don Francisco Javier Varela Tejedor presente isto agora e lles estea reprochando a eles o atraso e os apuros de última hora.

Don Francisco Javier Varela dí que el non está reprochando nada, o que está a dicir é que dende o 11 de decembro se ten esta información e se está agardando polas propostas correspondentes, pero non reprocha nada en absoluto, simplemente a situación é a que é.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, que di que non sabe se é acertado ou equivocado, pero algunhas veces parécelle entender que aquí en Cambre se crea escola, e hai quen pretende sentar cátedra en novos conceptos. Neste caso a el o que se lle ocorre é o do silencio administrativo. Como non se recibiron propostas, entendeuse que todo o que figuraba neses tres folios, un pequeno esquema, pois que lle ían dar o consentimento. Pois non é así. Parece que as ideas modernas do que significa o silencio administrativo van por outra vía, como moi ben quedou explicado nuns informes sobre otro tema que se tratou no último pleno. Porque, ademais, non é tal silencio.

Continúa dicindo que xa explicaron antes que o seu programa electoral, os programas electorais dos demais grupos, o propio programa electoral do grupo de goberno, conteñen unha morea de ideas e de lugares que non teñen nada que ver, ou polo menos moitos deles non teñen nada que ver, con algunhas das propostas que se fixeron aquí. Ademais, nesta

nova lexislatura que aínda é curta, pero que xa tivo a súa profundidade, o BNG e os demais grupos políticos, teñen presentado mocións, moitas delas aprobadas por unanimidade, con iniciativas, programas e proxectos para desenvolver, e aí xa hai unha decisión de consenso da corporación que aproba determinadas actuacións, en temas patrimoniais, de seguridade viaria, incluso en temas de humanización do Graxal, e lembra como exemplo a moción que se presentou sobre o parque que hai na rúa Francisco Rodríguez. Tamén teñen falado en múltiples ocasións da Costa da Tapia, etc. Todo isto non se recolle.

Don Henrique Xabier Iglesias di que a eles, ao mirar esa memoria, deulles a sensación de que isto era un traballo que se lle encarga a un estudante universitario, dicíndolle que deseñe algo en 40 folios para o Concello de Cambre. Esa persoa, sen ter nin idea do que é este concello, sen coñecelo para nada, esfórzase, entra na páxina web municipal, entra en internet, fai unhas cantas consultas e elabora un proxecto que loxicamente sen coñecer o sitio, sen ter a capacidade para poder definir as prioridades de actuacións, pois claro, equivócase, e presenta cousas que son absolutamente exóticas, por exemplo facer intervencións en terreos que non son nosos, que pertencen a outra administración, e que precisarán autorización, en sitios en que aínda non se remataron outras actuacións que se están facendo, como é o caso do río Mero, ou actuacións que non hai que someter a posta en coñecemento, senón que hai que presentar o proxecto e teñen que aprobalo, como son as cuestións de rehabilitación patrimonial referidas a todo o ámbito do Campo da Feira, non da praza do concello como se denomina na memoria, que está dentro do BIC (ben de interese cultural) da igrexa, e a propia intervención que se quere facer na casa de Arrigada, non de Arraigada, como tamén aparece nalgúns sitios. Iso é o que lle parece a el, que é o traballo dun estudante que se esforza para sacar polo menos un 7, pero aquí estase a aprobar unha memoria, que ao final a rúbrica que vai levar non é a da empresa.

Continúa dicindo que, eso sí, se a empresa se contrata o 7 de febreiro e os grupos teñen a memoria o día 8 de febreiro, a verdade é que a empresa merece máis dun 7, porque con todos os erros, defectos e falta de enfoque que tivo, algo de nota hai que darlle, porque a fixo en menos de 24 horas. En todo caso, o que non é digno é que esa memoria leve a firma desta corporación municipal. Un proxecto que vai circular polo Ministerio de Administracións Públicas e que pode chegar a institucións europeas, non pode conter esa cantidade de erros.

Pero o dos erros é o de menos, porque os erros, de hoxe para mañá, pódense corrixir, os nomes dos lugares, unha morea de cousas. O que xa é máis difícil de corrixir, e o propio concelleiro de Planificación recoñeceuno agora mesmo, é a posibilidade de modificar os aspectos que dirixen os obxectivos deste proxecto. De hoxe para mañá si é complicado poder chegar a acordos de consenso sobre cales son as prioridades que ten este concello limitadas a

tres anos e a catro millóns de euros. Porque, ademais non se fala dos reparos que a Intervención municipal fai no seu informe. Sen que sexa vinculante, e sen que eles teñan que estar obrigados a tomalo en conta ao pé da letra, polo menos debe facer unha chamada ao sentido común, no sentido de que vamos a hipotecar ao concello con este proxecto no caso de que nolo dean. Pregúntase se vai condicionar o orzamento de investimentos do Concello de Cambre ata o ano 2010. Cre que isto terían que pararse a pensalo con bastante máis calma, e sería unha irresponsabilidade que así fora porque, ademais, hai unha parte do orzamento de investimentos que xa está comprometido en plans plurianuais como a escola de música, un campo de fútbol, ou algunhas outras cuestións que se teñen aprobado por esta corporación e que hai que incorporalas. Tamén están as mocións que se aprobaron nesta lexislatura co voto do pleno e que supón haberá que incorporar no novo exercicio. Non sabe de onde van sair as cousas.

Continúa dicindo don Henrique Xabier Iglesias Oviedo que hai outra cuestión que lle chamou moito a atención, supón que está dentro dos erros. É ao principio da memoria, cando fala do ámbito xeográfico e poboacional e di que: “O municipio de Cambre está situado ao noroeste de Galicia, ao norte da provincia da Coruña e forma parte da comarca de As Mariñas. Caracterízase por ser xunto á Coruña, Arteixo, Cambre, Oleiros, o principal eixe metropolitano do norte de Galicia.”, e continúa máis adiante dicindo “Limita polo norte co municipio de Oleiros, ao sur co de Carral, ao oeste con Cambre e ao leste con Bergondo e Abegondo”. El cando le isto o primeiro que se pregunta é onde se meteu Culleredo, parece que desapareceu, que o absorbeu Cambre. Supón que a explicación disto é que saíu dun exercicio de curtar e pegar ao que estamos tan acostumbrados na era das novas tecnoloxías. Seguramente a mesma empresa que fixo o de Culleredo o único que fixo foi andar curtando e equivocouse porque igual xa non se soubo situar. É probable que fora a mesma empresa, o cal non é malo pero si é curioso.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo tamén fai unha precisión, e pide que, polo menos, miren os dicionarios, porque arume non fai referencia ás follas dos piñeiros galegos como di a memoria, arume son as follas dos piñeiros e dos piñoneiros, todo o que botan é arume, non é que faga referencia a iso. Son pequenos exemplos que hai ao longo de toda a memoria que o que nos indican é a falta de rigor con que esta feito este proxecto, a falta de rigor, o descoñecemento e, dende logo, a falta de dirección política que é a que máis se bota en falta. Probablemente os técnicos aos que se lles encargan estas cousas non teñen a obriga de saber cales son as aspiracións e obxectivos políticos que teñen que cumprir os plans, pero si é responsabilidade de quen llo encarga dirixir e procurar que as cousas se fagan ben, e corrixir e revisar as cousas antes de pasarllas á corporación para ver se dá o visto e prace.

En canto ás propostas que se fan, hai algunhas que el englobaría dentro dese espazo dos lugares comúns nos que ninguén vai estar en contra. Ninguén vai en contra de acometer medidas de humanización do Graxal dentro desta corporación. O problema é cando se poñen a mirar e, aínda sabendo que é unha memoria, unha delimitación moi esquemática, o que ocorre é que non se atopan con ningunha, e por riba cando veñen de discutir unha cousa onde se pretende que onde hai xa unha zona verde delimitada, levantar un edificio. Parécelles un pouco contradictorio cos obxectivos que se presentan aquí. Poñer bancos, zonas verdes, pero non se di absolutamente nada do que se vai facer, non se indica nada das ideas. Pola contra as directrices da política que se leva adiante por parte do goberno ven precisamente en contra desas cousas.

No que se refire á rede wifi municipal, cre que todos os programas dos partidos levan a extensión da banda ampla, polo medio que sexa posible, como por exemplo pode ser o sistema inalámbrico. O que pasa é que eles están vendo nos últimos tempos na prensa, que están ocorrendo denuncias das compañías distribuidoras de sinal de Internet, precisamente por iniciativas públicas que están tentando facer cousas deste tipo en moitos sitios. Pregunta se hai cobertura xurídica e legal. Ao comezo da pasada legislatura un proxecto similar que pretendía implantar a Deputación Provincial, e ao que se ían acoller varios concellos, por varios motivos, entre os que estaba o da cobertura xurídica dos problemas que podía haber, quedou en nada. Á parte das contradicións na propia explicación dese tema, por un lado, fálase das experiencias interesantes ocorridas en moitos concellos, e un pouco máis adiante dísenos que non, que foi en moi poucos sitios onde están implantadas estas cousas.

Hai unha falta de rigor constante en toda a memoria e hai algunhas cuestións que pasan do que é o ámbito do defecto ou do erro, ou incluso do perdoable nunha persoa que non é de aquí. Facer determinadas afirmacións sobre a situación socioeconómica, sobre a situación social do concello, de determinadas zonas do concello, da Barcala, do Temple, sen remitirse a ningunha fonte que poida respaldar con datos. A el parécelle moi ben que a xente teña opinións, pero as opinións, pódense dicir de maneira gratuíta, a título persoal, pero dende logo poñelas nunha memoria que vai ser un documento oficial aprobado por este pleno, el cre que non pode ser. Falar nos termos en que se fala da percepción que hai sobre A Barcala, el se pregunta onde están os datos, a enquisa, o estudo que se fixo para saber que esa é a percepción que hai, porque el podería ter opinións ou percepcións completamente distintas. Parécelle que iso é gratuíta, que iso é grave cando se pretende facer un documento técnico que justifica determinadas intervencións en que se vai gastar diñeiro público, entre outros o diñeiro público do Concello de Cambre.

Falou da humanización do Graxal, da rede wifi, cre que citou antes os temas do espazo desa rede de comunicación alternativa en bicicleta polo río Mero, que en principio xa existe, en principio hai unha intervención que non se rematou e el cre que o lóxico sería que as administracións competentes, que son as propietarias dos terreos e que son coas que aínda temos que negociar como se vai manter todo iso, pois ben, aclaralo definitivamente antes de empezar con máis historias.

Hai outra cuestión á que lle gustaría referirse e que vai na liña das novidades que el vé que se achegan aquí. É o caso do punto de vista nas accións pola igualdade, son ese tipo de frases e de argumentos metidos con calzador en todas e cada unha das actuacións propostas, porque simplemente hai que meter algo que xustifique que isto é para as mulleres. Xa dentro do tema da rede wifi aparecía a justificación de que para aquelas mulleres que teñen ocupacións na súa casa e teñen dificultades para poder facer a compra, para facer xestións no banco ou no concello, coa rede wifi van poder facer esas operacións a través do ordenador e xa non van ter porque saír da casa.

Pregúntase se o amplo consenso que hai entre as distintas forzas políticas respecto de como entender de que van as políticas de igualdade na Unión Europea, en España e Galicia, encaixan moito con ese xeito de ver as cousas, igual é que aínda non leron os últimos libros e informes da Comisión Europea e unha vez que os lean caerán na conta de que as cousas van por aí, que as mulleres se queden na casa e xa dende o ordenador fagan a compra, e ordenen os pagos no banco. Isto é interesantísimo e haberá que velo.

Xa para ir rematando, refírese a un dos aspectos que por significativo, máis se pode salientar. Como ideas temos todos, el achega outro título que tamén lle poderían poñer á Casa das Ideas, que é Casa das Ocorrencias. Cre que ao final isto é o summun, o compendio de todas estas cousas incongruentes, incoherentes, que non teñen nada que ver na súa maior parte con propostas de tipo político que dende o propio goberno, e dende a propia Alcaldía, se veñen facendo nos últimos anos.

É curioso que se citen outros proxectos ou programas de carácter supramunicipal, ou mesmo con subvencións autonómicas, estatais ou europeas, nos que está metido o concello, como por exemplo o Plan de turismo 2008-2010 no que se está participando, e sen embargo non haxa unha soa das actuacións que se propoñen que teña nada que ver cos proxectos que hai para que sexan complementarias. Podería ser unha maneira de que a participación municipal se cargase con esas cousas, pero é que nin sequera son complementarias.

O da Casa das Ideas a el como achega teórica parécelle moi ben. É o que ten de bo esta memoria, que se quita Cambre e se pon, por exemplo, Algeciras, Xetafe, A Liña da Concepción, Nigrán, ..., e vale para calquera sitio, porque hai conceptos xerais que están ben, que ninguén estaría en contra deles, pero o problema é logo levalos ao terreo e que a corporación e o goberno de turno diga, non, pero para el o prioritario é isto, e o que se necesita é isto.

Non, aquí vaise a unha cousa que é a Casa das Ideas, non se explica que pasaría cunha entidade que leva moitísimos anos utilizando unha parte desa casa, que é a Asociación As Mariñas de música e baile galego, non sabe se é que non se falou con eles para dicirlles a partir de que data van estar noutro sitio, pero é, en todo caso, un problema que habería que solucionar, pero para o que sería bo ter xa a solución. Hai que adornar o tema co da participación cidadá que, neste caso, debe verse resumido á caixa de suxestións que os veciños poderán encher con cartas cando se vaia ver o xardín, porque outra cousa non hai. O que si hai é unha serie de asociacións escollidas a dedo, que por moi respectable que sexa o que fan e que haxa que apoialas dentro do seu ámbito de actividade, pero dende logo non teñen nada que ver con ese intento de formación dunha especie de cerebro participativo situado no local da Arrigada con outros institutos ou entidades que poidan vir de fóra, e que parece ser que xa están chamando á porta. Parécelle que iso é unha barbaridade.

Pregunta onde se fixo o proceso de concurrencia entre as entidades de Cambre para ver se tiñan algún tipo de sugestión ou se se querían incorporar a este proceso de participación. Oiu que hai por aí unhas cartas de adhesión, pero xa é difícil para eles ás veces analizar críticamente estas cousas, imaxina que para unha entidade á que lle preguntan se quere participar nisto asinará o que faga falta.

Das numerosas asociacións que hai en Cambre, hai cinco escollidas, catro xuvenís, das cales unha é de recente creación, outra ten un ámbito de actuación absolutamente parroquial, e outras dous dedícanse a unha cousa moi específica e concreta como é a informática.

Pensa que isto está amañado, que no caso de que concedan a subvención, ningunha das actuacións que pensan facer aquí vai pasar da fase de proxecto, pero cre que o que se vai ver é que o Instituto de Estudos Políticos e Sociais, do que o Sr. Varela Tejedor forma parte, vai pasar a ocupar a casa da Arrigada en breve espazo de tempo. Cre que de todo isto é o único que vai funcionar e que se vai ver.

No remate da memoria tamén se sorprenden, porque eles tamén participaron neste tipo de proxectos e a Unión Europea esixe que estes proxectos teñan que ser xestionados por

organismos de participación, pero tampouco di exactamente como teñen que ser eses organismos. E resulta que un goberno en minoría amaña un sistema de xestión deste montante de diñeiro e deste proxecto, no que o pleno da corporación queda absolutamente fóra. Falan de tres concelleiros do grupo de goberno vinculados ás áreas que teñen algunha relación con algún dos programas que van ser desenvolvidos, e que ademais nos diferentes chanzos dese organigrama que propoñen, serían os únicos que intervirían á hora de definir proxectos, á hora dos procedementos de contratación, á hora da xestión do diñeiro.

Parécelles ben que hai un mes se lles pasara un papel e se lles preguntase que lles parece isto, pero tamén lles parece que, ben hai un mes, ben nalgún momento, se lles tivese consultado sobre como facelo. Non só o que, senón tamén o como, que é bastante importante.

Cre que levar a cabo isto adiante vai hipotecar as arcas municipais polo que resta deste exercicio e, probablemente, hipotecará a seguinte lexislatura. Cre que esta memoria, tal e como está feita, non contempla en absoluto as prioridades que ten este concello e as múltiples necesidades que ten. Hai unha morea de necesidades no ámbito da recuperación patrimonial e dos usos para a sociedade do noso concello, e fálase de atraer entidades de fóra, non se sabe ben con que obxectivos. Se cadra dentro de dez anos é o momento de expoñelo, pero dende logo non agora.

Por todas estas e por algunhas razóns máis, o BNG non vai votar favorablemente a proposta.

Don Francisco Javier Varela Tejedor toma a palabra para contestar algunha das apreciacións do Sr. Iglesias. Primeiro, que os datos socioeconómicos que figuran na memoria foron obtidos da Fundación Caixa Galicia e do Instituto Galego de Estadística. Respecto das apreciacións que fai sobre a senda fluvial do río Mero, para nada está contemplado no proxecto que vai financiar a Confederación de augas, a creación dunha senda de transporte alternativo ciclista e peonil que una as parroquias que citou anteriormente.

En canto ao plan de dinamización turística presentado como compatible con algunha das actuacións que se pudiesen prever aquí, é incompatible segundo a propia convocatoria do FEDER.

En canto ás asociacións ás que se dirixiu o equipo de goberno para pedir as súas ideas e a súa colaboración a estes proxectos, dirixíronse a todas e, as que constan na memoria, son as que contestaron, e non significa que non se poidan incorporar no futuro todas as demais.

En canto á predeterminación que o Sr. Iglesias fai sobre o Instituto de Estudos xa dixo antes, e volve reiterar agora, que para nada vai ser así. Farase a través dun concurso público, con pública concurrencia, mediante unhas bases aprobadas polo pleno.

Respecto de como se articularía este proxecto, malamente se pode pedir aos grupos da oposición a súa opinión cando nin sequera contestaron ao que.

E en canto ás comisións de seguimento e control previstas na memoria, son comisións de tipo técnico que para nada teñen que ver co control político que está reservado ao pleno, e os procedementos de contratación están sometidos á mesa de contratación que a proposta do equipo de goberno, ampliouse a todos os grupos políticos, e aí é onde se articularán os procedementos de contratación.

En canto ao edificio de Arrigada, non só se trata de establecer alí unha serie de institucións e asociacións de dentro e de fóra, se é que caben, senón que se trata de recuperar o edificio con fondos maiormente europeos, co cal ademais do que se poida meter dentro, que é susceptible de variación e de valoración futura, tamén se recupera o edificio, se recupera o patrimonio cultural.

Por último, está de acordo co Sr. Iglesias en que o traballo se fixo depresa e correndo, cos apuntes que efectuou, pero a empresa contratada é unha empresa de solvencia máis que acreditada en municipios de toda Galicia, que está traballando con proxectos relacionados con Europa.

En canto ás dúbidas sobre a capacidade xurídica para montar a wifi, pode dicirlle que en municipios como A Estrada e Allariz funcionan, e funcionan ben, e están explotadas polo propio concello. É certo que existen condicionantes xurídicos en canto á percepción de taxas ou non, pero iso son cuestións a estudar posteriormente.

Non quere estenderse máis, está dicindo que se trata dunha memoria susceptible de corrección, dunha memoria susceptible de desenvolvemento a través de proxectos que, no seu caso, vai aprobar ou non este pleno, e que entenden que aínda que hai moitas máis necesidades, entre as que están as que os membros do BNG apuntan e outros grupos achegarán seguramente tamén, estas son necesarias.

Toma a palabra don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, para apoiar a resposta do Sr. Varela Tejedor, porque di que por parte do Sr. Iglesias se fixo moito fincapé nos temas de Intervención e Facenda. Antes preguntoulle uns datos económicos o Sr.

Cubeiro e díxolle que non o sabía, pero isto si que o sabe. Segundo a Intervención municipal, a achega municipal ao proxecto vai ser de preto do 1.300.000 euros e no informe afirmase que iso supón limitar a capacidade do concello para acometer outro tipo de investimentos. A xuízo da Concellería de Facenda, di o Sr. Salcines, se se mantivese o nivel actual de investimento previsto segundo os orzamentos que el lles amosou aos outros grupos municipais, estaríase a falar de seis millóns de euros de investimento previsto nos próximos tres anos, é dicir, estaríase falando do 20% do investimento previsto, e ao seu xuízo, o 20% é unha cantidade importante, considerable, pero non ten o calado que suxire o informe. O informe tamén di que hai unha serie de compromisos asumidos, e o Sr. Salcines recoñéceo, pero segundo os datos dos que dispón, os compromisos adquiridos non acadan o millón de euros, e este ano 2008 teñen previsto facer uns investimentos de dous millóns de euros, co cal teñen preto dun millón, para asumir os gastos comprometidos, e habería preto doutro millón de libre disposición, e habería que tomar unha opción de que facer con el.

Continúa dicindo o Sr. Salcines que, por outra parte, tamén está a débeda do concello en torno aos cinco millóns de euros, cando poderían chegar a asumirse ata oito millóns de euros. Indícalles que o custo de asumir un préstamo para poder pagar este financiamento, un préstamo da orde de 400.000 euros ao ano, sería de 29.000 euros anuais, é dicir, hai vías de financiamento que se poderían estudar, outra cuestión é que se considere ou non que isto é necesario para o Concello de Cambre, pero a xuízo da Concellería de Facenda hai campo de actuación para poder asumir e pagar estes investimentos.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, para dicir que só faltaría que o Sr. Salcines, como concelleiro de Facenda, non dixera iso, xa supoñen que polo menos os membros do equipo de goberno, teñan ou non a responsabilidade de Facenda, están de acordo. Pregunta se esas son as previsións, se dous millóns de euros se van investir este ano, el non o sabe. Cando se presenten os orzamentos e saian aprobados, xa o verá, pero el non o sabe, e se non o sabe para o orzamento deste ano que aínda non está presentado, supón que as súas intencións son que así continúe a cousa, incrementándose para o 2009 e para o 2010, pero non o sabe. El sabe o que quere, sabe cales son as súas intencións, e as de hai 10 meses puxéronas nun programa electoral. Dille ao Sr. Salcines que el terá as súas, pero esas xa se mirarán cando chegue o momento. Di que o certo é que polo menos o Sr. Salcines terá que recoñecer que con este compromiso si se xenera unha certa incertidume, e despois do que pasou estes últimos anos, despois do Plan de axuste e de estabilidade, pensar que se vai aumentar a débeda municipal ata os niveis máximos legais, parécelle un tanto surrealista, cando, por exemplo, houbo que facer exercicio con saldo positivo para cubrir precisamente os déficits que se viñan arrastrando dos anos anteriores. Non cre que esta administración estea por estas cousas disposta a permitir estes aumentos de débeda que lle

parecen un tanto aventureiros. Pero, en todo caso, iso xa se verá, o que hai que ver agora son os datos que se teñen, e as previsións que hai agora.

Continúa o Sr. Iglesias Oviedo dicindo que antes se lle esqueceu unha cousa, comprende perfectamente que o Sr. Varela lle respondese como o fixo, é lóxico que defenda dalgunha maneira ata o indefendible, cre que ata dixo que a empresa está a traballar agora para corrixir o documento, e pregúntase que documento é ese, se é o que vamos aprobar hoxe haberá que volver facer outro pleno para ver o documento corrixido. Hai cousas que el aínda non entende moi ben, pero supón que acabará entendéndoas.

Continúa o Sr. Iglesias Oviedo dicindo que unha cousa que lle chamou moito a atención é que dentro dos programas aparece a Casa da Cultura, pero non está nada claro, e ata discutiu cos seus compañeiros onde estaba situada a casa que se propón facer aí, porque aparece unha definición dunha Casa da Cultura en tres volumes, con dotación de biblioteca, salón de actos, etc., etc., e ven a foto da maqueta do proxecto que xa ten o concello que se xestionou na pasada lexislatura, e adxudícaselle un orzamento de 500.000 euros. Resulta que a foto refírese a un proxecto entregado aproximadamente hai un ano e medio, cun importe de 4.700.000 euros, e el non sabe se este programa europeo vai subvencionar proxectos non acabados, se vai financiar partes de obras, porque con 500.000 euros esa Casa da Cultura non se pode facer, nin esa nin calquera outra. Unicamente, que o que se estea metendo aquí sexa aquela casa da cultura que se sacou o PSdeG-PSOE na campaña electoral cando se viron impotentes e incapaces de puxar e tirar para adiante por un proxecto ambicioso que é o que se merece este concello.

O proxecto da Casa da Cultura que aparece na fotografía, a maqueta e as súas definicións, é o mesmo proxecto da Casa da Cultura que custaba segundo o proxecto de execución 4.700.000 euros, e agora adxudícanlle unha partida de 500.000 euros en tres anos. Non sabe para que dá iso, pero pola pouca experiencia que ten, cando veñen subvencións doutros sitios, o que subvencionan son cousas completas e acabadas, haberá que acabala antes.

Mirando o das contas, a sensación que lle dá a el realmente é que o proxecto que presenta o Concello de Cambre ten que subir dos tres millóns de euros porque é o límite mínimo que poñen para concorrer a estes fondos. Entende que o concello teña que poñer algo, pero cre que non hai un cálculo real, que se mete a pata como pasa coa Casa da Cultura, que é absolutamente inviable facela así, e como non se podería rematar a tempo, nin sequera nunha primeira fase, cre que ao final non haberá maneira de xustificar esa subvención.

Segue dicindo o Sr. Iglesias Oviedo que cre que todo está feito así, como idea, como ocorrencia, e iso incluso podería parecerlles ben a todos, pero coa falta de rigor que ten, co mal enfocado que está, e porque el cre que nin sequera cumpre coas prioridades que o propio grupo socialista se puxo no seu programa electoral, nin coas declaracións que andiveron facendo todos estes meses do que ían ou non ían deixar de facer, cre que nin sequera se corresponde con iso. Esa falta de coherencia é ao que lle chama ocorrencia, é o que están acostumbrados sempre, a que hoxe se diga que van comprar isto, mañá que se vai arranxar non sabe que rectoral, e así anos e anos, ían comprar a fraga de Cecebre, ían facer isto e o outro, e ao final non se fai nada. Cre que isto está na mesma liña, e por esa razón os membros do BNG non van a cometer a irresponsabilidade de apoialo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor toma a palabra para facer unha pequena puntualización. Efectivamente os 500.000 euros que se propoñen non son o que custa a Casa da Cultura, pero si é unha achega que estiman que dentro dos cálculos que fixeron de subvencións pre pactadas, é a cantidade que se necesita para terminala.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta que de onde sairían o resto dos catro millóns e pico, se van sair da débeda municipal que pretende sacar adiante o Sr. Salcines.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que é fantástico que o Sr. Iglesias diga que el quere pedir tres millóns de euros, pero que ninguén o crea. En ningún momento dixo que quixese incrementar a débeda, hai xogo para pagar isto coas previsións actuais, e se non o houbera poderíanse pedir 400.000 euros, non tres millóns, que non é o mesmo. El entende o debate e que o Sr. Iglesias ten moitos argumentos, pero pídelle que non utilice a mentira como argumento.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pídelle ao Sr. Salcines que manteña as formas e pídelle ao Sr. presidente que tamén lle chame el a atención por utilizar esa palabra.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pide a palabra por alusións e dille ao Sr. Salcines que antes fixo referencia a el pola pregunta que lle realizara, e dille que non pode falar da capacidade de endebedamento do concello se non sabe do importe que estamos a falar. El, dende a súa modestia, polo que puido ler, e o Sr. alcalde poderá corrixirle, hai un convenio urbanístico que xa foi renovado segundo o cal o concello tería que indemnizar en caso de incumprimento, cre que está asinado a dous anos, co cal non se vai poder cumprir, e están a falar de 3.600.000 euros. No caso de que dentro de dous anos o concello teña que asumir esa cantidade, gustaríalle que faga os cálculos con esas referencias.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que cando se fai política é co obxectivo de conseguir as cousas e o que non se pode, porque ninguén o fai, é que cando unha empresa lle vende a un proveedor, obviamente non provisiona o importe do que vende, como se non fose cobrar, é un feito que non ocorreu, e cando ocorra se valorará, pero en principio non está previsto que ocorra.

Don Nicolás José Cubeiro di que é unha bola de neve, sabe que as empresas se endebedan, e despois se endebedan máis para pagar a débeda. Neste caso, no Concello de Cambre fanse convenios, renóvanse, indemnízase con maior cantidade, vólvese renovar, e aí estamos, e pensa que o Plan xeral en dous anos non se vai aprobar, iso é unha realidade moi importante, e igual o Sr. alcalde nos pode dicir os importes.

Toma a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, é di que cre que quedou suficientemente claro o superficial, o incorrecto deste borrador que se presenta hoxe para a súa aprobación. El xa explicou antes un pouco o criterio do seu grupo neste tema. Consideran que existe en Cambre, hoxe en día, outro tipo de necesidades que se deberían de acometer neste prazo de tres anos que marca o programa. El vaise limitar a dicir en que proxectos non está de acordo, tendo en conta que pode que si sexan necesarios, pero a un longo prazo e que agora mesmo non están de acordo con eles.

En primeiro lugar, respecto da senda peonil do río Mero, cre que no mes de decembro saíu publicado no BOE unha subvención, un investimento cre que de 710.000 euros para acondicionamento do río Mero, entón non entenden como agora se destina un proxecto para facer máis ou menos o mesmo que ten previsto a subvención.

Respecto da Casa das Ideas xa foi bastante debatido aquí. El bota de menos, e cre que os seus compañeiros tamén, un informe da Área de Urbanismo deste concello onde se vexa a viabilidade e posibilidade de acometer algún tipo de obra no interior desa casa, tendo en conta ademais, que é unha casa catalogada e terá que haber un informe previo de patrimonio, pensa el. Iso no que se refire á Casa das Ideas que, por outro lado, tamén se pode chamar a Casa das Luces.

Respecto do parque multifuncional de Sigrás, insiste no mesmo. Para él, e para os veciños de Cambre, existen outras necesidades nas parroquias de Cambre que se deberían acometer, e olvidarse un pouco dese parque multifuncional.

Respecto da Casa da Cultura, cre que se refire ao equipamento porque, efectivamente, ese diñeiro non é suficiente para facer a Casa da Cultura. Por outra parte, están olvidándose dun

proxecto que existe para facer ese edificio, que cre que ronda os 120.000 euros, aproximadamente, á parte do concurso, que non lembra agora con canto estaba dotado. Estase a renunciar nestes momentos a un proxecto que lle custou aos veciños de Cambre vinte millóns de pesetas. O seu grupo non vai renunciar a que a Casa da Cultura se faga no sitio no que estaba destinada, ou que se busque outro sitio, pero consideran que o sitio que se denomina aquí, no centro de Cambre, é hipotecar Cambre máis do que está hipotecado, no que se refire aos aparcamentos, ás infraestruturas, en todo. Tendo en conta todo isto, e tendo en conta o informe que fai Intervención no que se pon en dúbida o que aquí se comentou de que podíamos hipotecar o concello para os vindeiros tres anos, pídelles ao Sr. Salcines que se poña de acordo coa interventora, porque ela non di o que di el, e don Luis Miguel Taibo di que se fía do que di a interventora respecto de que se hipoteca o concello para uns anos, xa que se falan dos investimentos que están pendentes, das bancadas do campo de fútbol de Cambre e a Escola Sementeira de Sigrás. A interventora aconsella perfectamente unha pequena retención nese sentido.

Continúa o Sr. Taibo Casás dicindo que o seu grupo pensa que hai outras necesidades no concello que se poderían acometer neste proxecto, queren presentar unha alternativa e se non se aproba veranse abocados a votar en contra da proposta.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, como quere que conste por escrito esta proposta na acta, dálle copia dela á secretaria para que a incorpore.

“Propostas do grupo municipal de EU-IU para incluír no proxecto Arume (Fondos FEDER) Período 2007-2013.

Primeira: *Cerramento e cuberta das instalacións deportivas na parroquia de Pravio e Sta. M^a de Vigo.*

Existe no noso concello a necesidade de dar resposta eficaz aos problemas derivados da transformación de Cambre nun territorio en acelerado proceso de urbanización, e os cambios que impón o modelo de vida actual.

Entre os problemas que é necesario atender, atópanse os relacionados coas infraestruturas en instalacións deportivas, que faciliten aos cidadáns a práctica do deporte en distintos niveis e modalidades.

Nas parroquias de Pravio e Sta. M^a de Vigo existen instalacións polideportivas descubertas e a xuízo do noso grupo, deberíamos aproveitar os investimentos realizados con anterioridade para poder facer rendible o seu uso con maior efectividade.

Existe a posibilidade de que o concello poida acceder a subvencións dos fondos necesarios mediante as axudas FEDER para o período 2007-2013, e poder executar as actuacións previstas que contribúan ao cerramento e cuberta do polideportivo Antonio Fernández Becerra, na parroquia de Pravio e tamén as instalacións deportivas de Sta. M^a de Vigo.

Segunda: *Proposta de construción dunha piscina descuberta nas instalacións do complexo deportivo da S.D.C.R. Sporting Cambre.*

O grao de crecemento urbano acadado polo concello, e máis concretamente nas zonas máis urbanas como é o caso da parroquia de Cambre, existe unha demanda importante, fundamente reclamada e sentida polos veciños/-as da mencionada parroquia, sobre a construción dunha piscina municipal que cumpra perfectamente as necesidades dos cidadáns.

Cre o noso grupo que o goberno municipal ten na actualidade unha boa oportunidade para que o concello, mediante o proxecto Arume, xestione as axudas dos fondos FEDER, para a construción da mencionada infraestrutura.

Terceira: *Proposta para dotar aos veciños/-as de Meixigo dun local sociocultural.*

Un elemental principio de equidade obriga ás administracións públicas a que equilibren minimamente as dotacións de infraestruturas dos seus distintos territorios, de tal xeito que se eviten ou eliminen discriminacións entre os veciños/-as residentes en distintas zonas.

Partindo de tal principio, cómpre recoñecer que Meixigo constitúe, hoxe en día, unha das zonas máis desfavorecidas en reparto de infraestruturas públicas, dentro do noso concello, o que nos obriga, como representantes veciñais do conxunto do noso territorio, a levar a cabo unha política solidaria que permita o equilibrio territorial a que antes aludíamos.

O noso grupo solicita se inclúa no proxecto Arume a construción dun local sociocultural para Meixigo.”

Don Luis Miguel Taibo manifesta que a primeira proposta do seu grupo, longamente demandada polos veciños, trata sobre o cerramento e cuberta do polideportivo de Sta. M^a de

Vigo e do polideportivo de Pravio, porque todos son conscientes de que os rapaces desas parroquias non poden facer deporte cando chove ou cando vai mal tempo. Consideran que é unha necesidade demandada, cre que por todos os grupos, e polos veciños das dúas parroquias.

A seguinte proposta trata sobre a construción dunha piscina descuberta nos terreos da Sociedade Deportiva, Cultural e Recreativa do Sporting Cambre. Cre que tendo en conta a poboación que agora mesmo hai en Cambre necesítanse infraestruturas deste tipo, porque a que hai parece unha poza e queda moi pequena.

E o terceiro proxecto que presentan trata da construción dun local sociocultural no lugar de Meixigo. Os veciños de Meixigo non teñen, nin os nenos nin os maiores, onde desenvolver ningún tipo de actividade sociocultural, téñense que trasladar, non a Cela que tampouco os hai, nin a Pravio, senón a Cambre, como teñen tan bo transporte teñen que desprazarse.

Estas son as tres propostas que fai o grupo de EU-IU, e se non se teñen en conta, votarán en contra do proxecto presentado polo grupo de goberno.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, analizando algunhas das cousas que o voceiro de EU-IU propuxo, en canto á proposta sobre o río Mero realizada pola Confederación Hidrográfica, non contempla para nada a actuación que se pretende neste proxecto, contempla e pretende outras moitas actuacións que son necesarias, convenientes e que asumirá a Confederación, pero para nada ten que ver co que se pretende aquí.

Continúa dicindo que os proxectos que o voceiro de EU-IU propón, para nada lle parece que sexan irrelevantes, senón todo o contrario, son necesarios. Reitera o que dixo antes, que terían que telo exposto no seu momento para poder incluílo neste tema. Por outra parte, algún deles non atopan cabida nesta convocatoria FEDER, poden atopala noutras. O centro sociocultural si poderíase ter incorporado se se tivese presentado a tempo, agora entende que xa non hai tempo suficiente. Os outros, sinceramente, cre que non poden atopar cabida nesta convocatoria FEDER. Polo demais, está plenamente de acordo en que son proxectos necesarios.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o tema dos 120.000 euros que falara el antes cre que son para terminar as obras de acondicionamento do río Mero.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que si, pero que inclúen unha serie de actuacións concretas que figuran nese convenio, nese acordo entre o Ministerio de

Medioambiente e a Confederación Hidrográfica, que para nada inclúen as actuacións previstas para facilitar o transporte peonil e o transporte ciclista entre O Temple, A Barcala, Cambre e Sigrás.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el non está seguro, pero cre que eles son uns verdadeiros artistas para facer estas cousas e cre que se podería adaptar perfectamente. Pregunta ao Sr. Varela Tejedor cal é o proxecto que non se pode contemplar.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o das cubertas dos centros polideportivos. El non atopa, nin no obxectivo A nin no obxectivo B da convocatoria o punto concreto onde se poderían incorporar.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que son equipamentos deportivos e sociais. Pensa que si son incorporables e incluso consultou a unha persoa deste concello que estivo a traballar neste tema e díxolle que si tiñan cabida perfectamente, e se non é así é que o enganaron.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que el non di que o enganasen, el non sabe quen llo dixo, pero el contactou coa consultora que elaborou a memoria e confirmoulle que a idea do Sr. Taibo non entra, pero ben, é unha opinión como outra calquera. Non se fala de enganar para nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el simplemente pregunta se é unha opinión ou se é que non entra, porque se é unha opinión, opinións pode haber moitísimas.

Don Francisco Javier Varela Tejedor dílle que a empresa, que ten experiencia probada nestes temas, entende que non.

Don Luis Miguel Taibo Casás finaliza dicindo que eles presentan uns proxectos, e pide que se sometan a votación, e que en caso de que non se acepten, eles votarán en contra do proxecto do grupo de goberno.

Toma a palabra don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), quen di que despois de que todos os seus compañeiros falasen da falta de rigor deste documento que se presenta, el xa non vai reiterar máis o tema. Si bota en falta unha serie de cuestións. Parécelle que un investimento de máis de catro millóns de euros debería ser tratado con máis cariño e rigor polo goberno municipal, e procurar de verdade ter contactos permanentes coas asociacións, xa que segundo dixo o Sr. Varela Tejedor avisouse a todas. El é presidente dunha delas, e non lle chegou ningunha comunicación, ao mellor a culpa é de Correos, non quere pensar mal.

Dende logo non lle vai botar a culpa ao Sr. Varela Tejedor que non ten culpa de nada. Pero o que si lle parece é que se tería que ter falado con tempo, con calma deste investimento, con todos os grupos municipais desta corporación, e ao mellor con algunhas asociacións, ou invitalas a todas a unha charla da que se poderían sacar conclusións.

Continúa dicindo o Sr. Marante que para non volver repetirse cos seus compañeiros, pensa que hai aí un tema que si entraría dentro da conciliación familiar e laboral. Cre que en Cambre estanse facendo pinceladitas aquí e alá, normalmente todas elas en Cambre e no Temple, e as demais parroquias, que son máis dun terzo da poboación de Cambre, esas non contan para nada, neste caso só para poñerlles a rede wifi e que lles vaia o carrito da compra por internet ata Sta. M^a de Vigo.

Pero independentemente de todo isto, cando se está a falar dun investimento deste tipo, o que si se necesita aquí é un complexo que lle dea servizo á totalidade dos veciños de Cambre, con servizos de xeriatría, gardería, etc., e iso si que é moi importante para todos os veciños de Cambre, para conciliar a vida familiar e laboral. Son cuestións que non se miran, son cuestións que supoñen un montón de diñeiro que se reparte como a eles lles parece. É curioso que antes, na comisión informativa, se falase dese convenio que acaba de asinar o Sr. alcalde hai nove meses para a concesión do terreo para a ampliación do colexio do Graxal, cando segundo ese convenio, vaise facer un edificio de sete plantas nun terreo que agora mesmo está cualificado como zona verde no Graxal. E aquí din que van humanizar, buscar e potenciar zonas verdes, etc. Pregúntase se o que van facer son edificios con herba artificial para que os veciños do Temple vexan algo verde porque, dende logo, parécelle que asinando convenios así, mal se vai. Estase hipotecando o futuro dos veciños de Cambre.

Continúa o Sr. Marante dicindo que dende logo o Partido Galeguista non vai apoiar esta memoria. Non lle vale que lle digan que lles deron un mes e medio para facer propostas. As propostas ten que facelas o goberno municipal, e reunirse cos grupos para falalas as veces que sexa necesario.

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor que quere preguntar ao PP e a EU-IU que alternativas concretas propoñen.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, contesta que o PP propón a insonorización do local social do Graxal e rexeitar a Casa das Ideas.

O Sr. alcalde toma a palabra e di que todos deberían facer un esforzo porque aínda que pode haber outras obras mellores ou diferentes, isto quedou claro aquí, teñen unha oportunidade

de que, aínda que non llo den todo, a verdade sería unha pena perder esa cantidade de diñeiro.

Don Francisco Javier Varela Tejedor propón ao PP aceptar a súa suxestión de suprimir o da Casa das Ideas e substiuíla pola insonorización e acondicionamento do local do Graxal.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a súa proposta xa a dixo antes: suprimir a senda peonil do río Mero, suprimir a Casa das Ideas, o parque multifuncional de Sigrás e o do equipamento da Casa da Cultura e, en consecuencia, incluír o dos centos polideportivos, o do centro sociocultural de Meixigo, e a piscina para os terreos do Sporting Cambre.

Don Francisco Javier Varela Tejedor confirma que a proposta definitiva do grupo de goberno é a que trouxeron ao pleno, pero substituindo a Casa das Ideas pola insonorización do local do Graxal.

Don Manuel Marante Gómez toma a palabra e dille ao Sr. alcalde que cre que era el o que estaba intervindo, e que o Sr. Varela Tejedor debería contestar á súa intervención, e non estar falándolle a el á orella e facendo a rosca ao PP e a EU-IU. Pensa que el merece o mesmo respecto que os demais grupos, e que se o Sr. Varela Tejedor non o cre así, o mellor é que faga o que fixo o outro día e marche do pleno. Parécelle que merece un respecto e que lle contesten.

Don Francisco Javier Varela Tejedor dille ao Sr. Marante que cre que non lle faltou nunca ao respecto, simplemente estimou que as súas propostas son reiterativas con todas as demais presentadas. Se o molestou pídelle desculpas, pero non foi a súa intención en absoluto, simplemente pensaba que estaban suficientemente debatidas e contestadas as súas propostas, que son as mesmas que as dos demais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo toma a palabra e di que dado que agora se atopan con dúas propostas, a que se ditaminou na comisión informativa e a que agora presenta modificada o grupo de goberno coa inclusión da suxestión feita polo PP, el quere intervir para dicir que se agora a proposta definitiva vai ser esa, non se modifica substancialmente a análise que fixeron durante este pleno. Seguen pensando que a memoria ten a mesma falta de rigor, a mesma falta de obxectivo e de prioridade nos aspectos que vai cumprir. En todo caso, parécelles ben que esa ocorrencia da Casa das Ideas se retire porque lles parecía unha das menos apropiadas. Pero el o que quería era dicirlle ao Sr. alcalde que non bote encima dos demais a carga de responsabilidade que ten el. Parécelle moi ben facer chamamentos á responsabilidade para non perder determinadas cousas, pero están xa tan acostumbrados a que

nesta casa se fagan as cousas a última hora, cando o prazo remata hoxe ou mañá pola mañá, cando non queda tempo para reformar, para falar, para poder modificar ou recoller achegas, que xa están un pouco cansos. Cren que isto vai ser o que xa explicou, non queren ser agoireiros, pero pensan que isto non vai funcionar ben. Cren que o sistema de xestión que se monta é para manipulalo cos amigos e con persoas que non foron elixidas para esa función neste concello, e cre que isto é merecedor do seu voto en contra. Claro que están de acordo con que, xa sexa con fondos europeos, autonómicos ou locais, se insonorice o local do Graxal, e moitas máis cousas, pero o que hai que facer é traballar con tempo en todas as convocatorias de subvencións que vaian saíndo, e intentar traballar e consensuar con todo o mundo, a través de calquera das formas que foron saíndo aquí.

Continúa dicindo que, dende logo, quen ten a responsabilidade de que as cousas saian é o goberno, non a oposición, e pide que non pretendan traspasarlles esa responsabilidade. Foron eles os que saíron lexitimamente elixidos para gobernar e son os que teñen que garantir ter os apoios suficientes, con tempo suficiente para poder levar as cousas adiante. E este proxecto vai ser un fracaso e moitas das cousas non van valer para nada e non se van poder executar, nin este ano, nin o seguinte, nin o último do período. O seu voto vai seguir sendo negativo.

O Sr. alcalde di que non é botar culpas, pero que este expediente coñecíano dende decembro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo matiza que a memoria dende o venres.

O Sr. alcalde di que si, pero que ideas puido telas presentado dende decembro.

Don Manuel Marante Gómez tamén di que o seu voto vai ser en contra da proposta, a pesar desa achega que aceptaron por ser do PP, porque se tivese sido súa seguro que non a tiñan aceptado. Di que o que deberían é facer as comisións informativas non ás 20:00 ou ás 20:15 horas como fixeron hoxe, senón dous días antes, e así daríalles tempo a traelo preparado como xa fixeron con outra historia, e que non o fagan aquí no pleno, diante de todo o mundo, porque é un espectáculo penoso, aínda que a culpa é de quen lles fai caso.

Sometida a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de 7 de febreiro de 2008, coas modificacións que fan referencia á supresión da Casa das Ideas e a inclusión do acondicionamento do centro sociocultural do Graxal, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os sete concelleiros do PP, e votan en contra os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG).

Sometida a votación ordinaria a proposta presentada por EU-IU, consistente en suprimir da proposta de Alcaldía a senda peonil do río Mero, a Casa das Ideas, o parque multifuncional de Sigrás e o equipamento da Casa da Cultura e, incluír o cerramento e cuberta das instalacións deportivas na parroquia de Pravio e Sta. M^a de Vigo, a construción dunha piscina descuberta nas instalacións do complexo deportivo da S.D.C.R. Sporting Cambre e a construción dun centro sociocultural de Meixigo, votan a prol os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), votan en contra os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os catro concelleiros do BNG.

Así pois, a corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto “ARUME” cun orzamento total de 4.329.000,00 €, conformado por cinco programas de actuación básicos nos que se desenvolven unha serie de medidas que a continuación se relacionan:

- **Programa de implementación de novas tecnoloxías e enerxías renovables**
 - Creación dunha wifi municipal
 - Instalación de enerxía solar na piscina municipal
- **Programa de rexeneración urbana**
 - Rexeneración urbana da Praza do concello
 - Plan de humanización do Graxal
- **Programa de Conservación do Patrimonio**
 - Senda fluvial de transporte alternativo no río Mero
 - Acondicionamento do centro socio-cultural do Graxal
- **Programa de Dinamización Social**
 - Parque multifuncional de Sigrás
 - Equipamentos deportivos: pista de skate
 - Equipamentos Sociais: Ludoteca e Casa da Cultura
- **Programa de Xestión**
 - Plan de Promoción e Difusión
 - Plan de xestión
 - Evaluación Externa do Proxecto, de IO e Medioambiente

Segundo: De conformidade coa Resolución do 7 de novembro de 2007, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013, solicitar as axudas FEDER 2007-2013 para desenvolvemento local e urbano, para a realización do proxecto “ARUME”, co investimento que se indica a continuación:

Denominación	Proxecto ARUME
Orzamento	4.329.000,00 €
Axuda FEDER solicitada	3.030.300 €
Achega municipal	1.298.700 €

Terceiro: Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír nos orzamentos municipais correspondentes ao 2008, 2009 e 2010 o crédito necesario para o seu financiamento.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia